



CAR- TAS DE AMOR

FRAN
ALONSO

As historias deste libro nacen a partir de cartas de amor. Pero non son cartas de amor convencionais. O amor ou o desamor son as desculpas que nos permiten coñecer as dramáticas circunstancias que rodean ás mulleres que as escriben.

LONXE

(Para Karen e Romina)

De: barbara@hotmail.es

Asunto: Distancia

Data 27 de xuño de 2006 21:23:07 GMT +02:00

Para: luisalbert03@yahoo.com

Ola Luís Alberto:

Todo para nós segue sendo moi difícil aquí. Os meus pensamentos viven atrapados na obsesión polo Uruguai. Estraño tanto! A miña casa, as miñas amigas e amigos, o meu barrio, os cheiros, os ritmos, as rúas , a cidade... E a ti. A ti bótote moitísimo de menos. A túa ausencia supuxo para min unha desesperación durante este ano que levo en Galicia. E así e todo, debo confesarche que o teu último correo me asustou

moito, porque me fixo consciente de moitas cousas. Entre elas, da imposibilidade do noso amor. E non porque eu non te queira. Non penses iso, por favor, precisamente por todo o contrario, porque te quero demasiado. Porque me estou deixando arrastrar por un pozo do que é moi difícil saír. Por iso o noso amor é imposible. Entre nós interponse un océano de auga gorda que separa os continentes en que vivimos.

Desgraciadamente non podo dicir que este ano me sucedese nada bo. Para min, foi un ano a esquecer. O máis difícil foi a distancia, aceptar que todo o que quero está tan lonxe, tanto, que nunca vai estar ao alcance da miña man. E resúltame un pesadelo a incerteza de non saber se algún día poderei regresar. O que eu máis quería quedou definitivamente atrás. Todo, porque incluso das nosas pertenzas só trouxemos a roupa e pequenos obxectos persoais. Había que escoller, e, sabes?, meu irmán escolleu as fotos. Estaba obsesionado con traelas consigo. Ás veces vémolas unha e outra vez, unha e outra vez, os dous, sentados sobre a cama, até que choramos e nos abrazamos como idiotas. Agora decátome de que el o está a pasar moito peor ca min. Cando tivemos que elixir, eu decidín traer comigo a música, algúns libros e os meus diarios. Aínda lembro a papá, a piques de abandonar a casa de Montevideo, sentado sobre as maletas para lograr que pechasen. E todo o demais, alí quedou, para os novos inquilinos que se instalaram na casa, filtrandose nas nosas vidas, apropiándose do noso aire. Sabes a cambio de que? A cambio de dous billetes de avión. Dous unicamente; un para a miña nai e outro

para o meu pai, porque o meu e o do meu irmán enviáunos o noso tío segundo desde Galicia. Entregamos unha casa enteira, con todas as nosas cousas, incluso as máis íntimas, cos papeis, os libros, os perfumes, as teas, as nosas cortinas, os nosos sofás, os nosos botes para os alimentos , as nosas mantas , a nosa roupa da cama ... a cambio de dous billetes de avión. Certo é que lles entregamos unha casa que non era nosa, pois é do Estado, así que realmente o que vendemos a cambio dos billetes foi o dereito, clandestino , a residir nela. Pero que che vou dicir a ti, que ben sabes como logramos vir a Galicia. Pois, aínda hoxe, un ano despois, dóeme que unha familia estraña estea a vivir entre as nosas cousas, na nosa casa, e que eu xa non teña nunca máis o dereito a recuperalas. E todo por dous billetes de avión. Dous billetes para cruzar ese océano que agora nos separa, facendo unha viaxe que ninguén da miña familia desexaba facer. Maldita viaxe. Ti viches o moito que me custou convencerme de que era necesario. Só cando a situación se fixo xa insoportable para a familia aceptamos meu irmán e mais eu o feito de que era mellor emigrar. Aínda que había que deixalo todo atrás: a ti, as miñas amigas, a miña casa... a miña vida en definitiva. Aquí non temos nada: fáltanos a desexada rutina das nosas vidas en Montevideo, aquel aire que os domingos se enche de arrecendo á churrascada, o espazo e os cheiros, os amigos e os abrazos. Todo.

É insoportable vivir da nostalxia, das lembranzas; vante envelenando sen que te decates. Agora son

consciente de que non se pode vivir así. Poderías crer que durante este ano non falei practicamente con ninguén? Ti non o crerías, co que me gusta a min falar. Pois é verdade. Refírome aos meus compañeiros de clase, claro, porque aquí non temos outros amigos. Nunca saímos. Aí, en cambio, saíamos continuamente. Agora, logo deste ano asfixiante, sinto que preciso romper este illamento, esta soidade que me aboca a alimentarme só de lembranzas. De nostalxia cafofa. Porque só de nostalxia non se pode vivir. E eu necesito vivir.

Non sei se entendes o que che quero transmitir, Luís Alberto. Este ano foi para min un ano moi difícil. A miña vida é completamete distinta e eu apenas me recoñezo. Parezo outra persoa diferente. Fíxate, repito curso. Eu, que en Uruguai sempre fun unha boa estudante, aquí repito curso. O cambio foi moi duro: non soporto este sistema de ensino. Todo se basea na memorización, en chapar. Aquí non se fomenta o razoamento. Aquí hai que sabelo todo de memoria. Iso é o que importa para aprobar. Non ten importancia que non entendas de que estás a falar. Quen non sexas capaz de emitir unha opinión crítica, tampouco. Pero se chapas, aprobas. E eu non son capaz de chapar. Aquí non hai que investigar os temas, como en Uruguai: non tes que buscar nin atopar ti a información. Danche libros de texto e hai que estudalos de memoria. Para min é un espanto. Non son quen de adaptarme a este sistema e aos seus ritmos. Por iso suspendo. Non me gusta: a xente non aprende a razoar. De feito aos meus compañeiros atópoos demasiado nenos

para a súa idade; demasiado infantís e con pouco criterio. Pero agora son os meus compañeiros, e preciso abrimme a eles. Non podo illarme na miña saudade. A distancia física que me separa do pasado querido é demasiado grande. Hai un océano polo medio. E a distancia agora é un abismo insalvable. Precisamente por iso, e polo moitísimo que te quero, sei que o noso amor é imposible. E prolongando a nosa relación só nos faremos dano. Nas últimas semanas espertou en min unha nerviosa necesidade de integrarme, de romper o silencio no que vivo. E o teu correo foi o detonante que mo confirmou. Quérote, Luís Alberto, pero a túa proposta asústame moito. Asústame por min, pero tamén por ti.

Hai outra cousa que me fixo espertar: observar a meu irmán. Está obsesionado con Uruguai. Vive obcecado con volver. Está todo o día en internet, buscando información sobre Uruguai en webs uruguaias, escoitando emisoras uruguaias e chateando con xente do Uruguai. Non ten vida aquí, a súa única vida é virtual. Mesmo ten unha moza virtual. Coñecéronse nun chat e agora están todo o día colgados da rede. El di que así é máis feliz, pero a min dáme moita pena, porque vexo como se consome día a día. E non quero que a min me pase o mesmo. Négame, no Val Miñor hai bastantes uruguaios. Son a única xente coa que temos relación. E decátome de que debo romper o cerco. De que debo intentar relacionarme con xente de aquí, para construírme un presente que non teño. A única alternativa é a normalidade. Vivir do pasado non trae máis que sufri-

mento. Meu irmán vive unicamente para poder regresar algún día a Uruguai. Parece un espectro do pasado.

Noto que me resulta moi difícil transmitirche todo o que sentimos e vivimos aquí, Luís Alberto. Non sei se me entenderás, pero estoume esforzando para que poidas facelo. Preciso que entendas as miñas razóns, porque te quero. E porque, ante todo, desexo que comprendas que te quero. Por iso che digo que o que pretendes facer é unha tolaría sen sentido. E por iso creo que non temos outra alternativa que a de poñerlle fin á nosa relación. Cando lin o teu correo anunciándome que estabas disposto a conseguir, como fose, un billete de avión e virte onda min, asusteime de verdade. Asusteime, ao tempo, vino todo claro. Porque en definitiva, somos adolescentes, Luís Alberto. E quen sabe se o noso amor é só o primeiro. O máis vivo, o máis intenso, o máis paixonal, sen dúbida. Pero o primeiro, quizais. E quen pode asegurar que logo ti ou eu non teremos outros? E, sabendo que podes ser así, como é que estás disposto a deixalo todo e virte a Galicia para estar á miña beira? Non te decatás de que é unha imprudencia? Que pasaría se o futuro deparase unha ruptura para a nosa relación? Estou segura de que me sentiría responsable. Queda en Uruguai, Luís Alberto, que é o teu lugar. Dígocho porque te quero e porque agora sei o que é marchar. Eu xa non teño forzas para manter contigo unha relación virtual, imposible, que me condena ao pasado, nin quero sentirme responsable dunha viaxe irresponsable que te obrigue a deixar atrás os teus. Lembras que condición lles puxemos meu irmán e mais eu aos meus pais cando to-

mamos a decisión de emigrar? A de que só viaxariamos os catro xuntos, toda a familia unida. E así o fixemos. E ti queres deixalo todo atrás para vir a un país onde non coñeces a ninguén excepto a min? E que cres que podo facer eu por ti aquí? De que vivirás? Onde vivirás? Polo teu ben, e polo meu, a nosa relación ten que rematar aquí, Luís Alberto. E sei que o entenderás en canto o reflexiones.

Todo aquí é diferente. E resulta moi duro adaptarte. Sobre todo, cando viñeches porque te obrigaron as circunstancias, en contra da túa vontade, deixando todo atrás. Aínda que nunca o pensara, agora comprendo o que debeu pasar a miña avoa, que era galega, cando emigrou a Uruguai. Imaxino que o meu avó tamén, pero morreu moi novo e eu xa non o coñecín.

Eu non son galega. Son uruguaia e de Galicia só sabía que era o lugar onde a miña avoa nacera. E agora, aquí estamos, toda a familia, obrigados a permanecer lonxe da casa. Miña nai, que como sabes é médica, non atopa nada dentro da súa profesión e traballa como cociñeira nun restaurante de Gondomar; e meu pai, que era guía turístico, traballa como pintor na construción para unha empresa da Ramallosa. Agora, por fin, acabamos de mudarnos de casa. Até hai pouco habitabamos o piso superior dunha da parroquia de Chaín. Eramos nove, porque compartiamos o espazo con outra familia uruguaia. Na planta baixa vivía a dona, unha señora maior que a min me pareceu moi ruín: a partir das nove da noite obrigábanos a ir descalzos se queriamos baixar as escaleiras, e desde esa ho-

ra non podíamos tocar os interruptores das luces nin tirar da cisterna no baño porque lle molestaba o ruído. Esas eran as súas condicións.

Pero, polo menos, aquí en Galicia, se consegues traballo, podes respirar economicamente. E sabes que podes vivir, aínda que sexa humildemente. Aquí non temos que facer enganches ilegais para conseguir luz para a casa nin estar pendentes da chegada dos inspectores para desconectalos, como faciamos todos en Montevideo. E podemos mercar roupa, porque traballando podemos pagala. Niso melloramos moito porque aí, xa o sabes, aínda que traballes non podes permitirte o luxo de mercar nada. Nin sequera roupa. E iso que papá traballaba en catro sitios distintos. E, coa comida, igual. Agora podemos comer cousas moito máis variadas, non unicamente pan ou algo de carne, como nos sucedía moitos días en Uruguai. E podes ir pola rúa sen medo a que ninguén te mate ou che dea unha malleira para roubarche o pouco que levas: non é necesario tomar especiais medidas de seguridade e a xente anda pola rúa moi despreocupada.

Aos meus compañeiros de clase resúltalles moi difícil entender o que pasa en Uruguai. E a min resúltame moi difícil asimilar algunhas cousas de aquí. Non entendo a diversión do botellón, por exemplo, nin que na fin de semana a xente queira emborracharse até caer. Cando lles digo que en Uruguai é moi raro que un rapaz de vinte anos beba, non mo cren.

Na clase, unha vez pregunteilles a uns compañeiros que sentirían se tivesen que abandonar o seu país. Eles dinme que nunca o farían. Dóeme moito que

nin sequera sexan quen de imaxinar que hai situacións que te obrigan a facelo aínda que non queiras.

Agora que non temos clase, durante o verán, estou a traballar na carnizaría dun supermercado de Baiona, para axudar na casa co diñeiro que gaño. Sei que debo adaptarme á vida neste lugar tan distinto do meu país, e non é doado. Debo facelo sen renunciar ao pasado, pero ollando cara ao futuro. E, no futuro, a distancia levantou unha barreira infranqueable para a nosa relación. Un acéano de auga gorda interponse entre nós. Por iso, desde Galicia, desde Gondomar, envíoches o meu derradeiro bico.

Ás veces, de noite, cando me meto na cama, penso, agora pecho os ollos e imaxino que estou en Uruguai e que todo é normal e que nada pasou e que ti estás á miña beira, bicándome. Pero logo cando abro os ollos, doume conta de que todo é mentira e a realidade é entón moito máis dolorosa.

Quérote. Até sempre.

Bárbara

Hora de ler



Hora de ler